

Libros gratis si, pero non así

Tres días antes do inicio de curso en Educación Infantil e Primaria, sorpréndenos a Consellería de Educación cunha medida estrela do novo goberno: "a gratuidade dos libros de texto" en toda a Educación Primaria.

Non é o momento de entrar a valorar un material didáctico como o libro, que non é o único, nin o máis innovador e versátil, dos materiais didácticos que na Educación Primaria se empregan. Tampouco valoraremos se a medida debería afectar a todo o alumnado ou só a aquel que realmente ten necesidades económicas, ao ensino público unicamente ou tamén ao privado-concertado, aínda que cómpre ter claro que, **non sempre as medidas igualitarias son as máis xustas.**

Sí é momento de valorar o tempo e a forma en que chega esta medida, en aparencia educativa e progresista.

Sobre o tempo

Diciamos, a "medida estrela" foi anunciada tres días antes do inicio de curso. **Non parece que as persoas responsábeis das decisións políticas coñezan a situación dun centro que inicia o curso escolar:** dende os primeiros días de setembro chega o profesorado novo, organízanse os distintos grupos e horarios, prepáranse as programacións didácticas e actividades complementarias, revístanse os materiais, prepáranse os espazos comúns (aulas de psicomotricidade, biblioteca, hortos, patios...), planifícase o recepción e presentación do alumnado e aínda se reciben novas matrículas.

E todo isto sen contar con ningún persoal da administración e so nalgúns dos centros con persoal na conserxería... Como para engadirlle que cheguen pais/nais cos libros recen comprados para depositalos no centro e que o profesorado se encargue de todo un complexo proceso de catalogación e organización dos libros entregados e o consecuente procedemento burocrático para enviar á Consellería a ás familias. E despois de 2 meses, recibir o diñeiro correspondente e comezar unha nova tarefa de pago ás familias. **Tarefas máis propias dunha entidade administrativa e paga-**

dora que nada teñen que ver co abondoso traballo pedagóxico que ocupa o primeiro trimestre do curso escolar.

Sobre a forma

Como foron recoñecendo as direccións dos centros que tiveron que pórse á fronte desta situación, soubérono pola prensa (consecuencia da política mediática), e, só unha semana máis tarde a Conselleira convidou a unha xuntanza en San Caetano aos/ás directoras que forman parte da Xunta Autónoma de Directores/as.

Non é doado de entender que non houbese un dialogo previo na Mesa Sectorial de Educación, onde están os/as lexítimos/as representantes das traballadoras e traballadores docentes, nin que no momento en que se anuncia a medida non se enviase ningunha comunicación oficial aos centros educativos afectados, a modo de circular informativa, que é a forma de comunicación máis rápida e habitual nestes casos, ou polo menos, enviar un correo electrónico comunicando a medida e informando do procedemento e os tempos. Claro que esta última medida igual tampouco chegaba a todos os centros, xa que aínda son moitos os centros de Primaria que carecen de conexión á Rede e da mínima infraestrutura en novas tecnoloxías.

Confiamos en que esta maneira de proceder fora provocada pola boa vontade e pouca experiencia e descoñecemento do funcionamento diario nos centros educativos e das importante escaseza de recursos humanos e materiais, e que non sexa un anuncio do "novo estilo de traballo" da Consellería.

Esperamos que sirva para darse conta das necesidades e dunha vez afrontar a carencia que os centros educativos públicos teñen en dotación de persoal, deficiencias de mantemento e tamén, doutros materiais didácticos máis colectivos, versátiles e innovadores, que igual un modelo máis parecido ao catalán que en vez de ofertar libros en réxime de préstamo a cada un dos/as nenos/as entrega unha cantidade económica aos colexios por cada clase para que se doten do material didáctico necesario.



- Que novas teremos este ano?
- Que cambiamos de curso.

2

Profesorado interino Negociación da estabilidade

O STEG, como integrante da Plataforma do Profesorado Interino de Galicia, negociará coa Conselleira de Educación o pacto que pretende acadar a estabilidade do profesorado interino para os vindeiros 6 anos.

O acceso: a outra cara da moeda

O STEG e a Confederación de STES-i apoiarán ao profesorado interino para conseguir o acceso diferenciado. A transitoria non solución o problema por si soa, precisa dunha medida ordinaria. Para elo, o colectivo ten que dar unha resposta contundente á tramitación da LOE no Parlamento. Están previstas xornadas de mobilización e folga, e por duro que pareza, ou apoiámos estas accións ou moita xente pasará a engrosar as listas do paro.

Formación Profesional para un novo goberno

Para o novo goberno que agora vimos de estreir a Formación Profesional ten que entenderse como un instrumento fundamental e vertebrador dun ambicioso plano de desenvolvemento industrial e de servizos para este país. Antes de falar de números e custes económicos, cumpria que coñeceramos en que e como se investiron nos últimos anos os centos de millóns de euros do Fondo Social Europeo

3

Concertos educativos Os defensas están comprados.

Ou están comprados, ou non teñen cintura, ou son do outro equipo. A defensa do ensino público que prometeu o PSOE parece que non vai pasar por unha revisión sería dos concertos

Adianto retribucións 2006

Acordo Administración estatal-Sindicatos para o ano 2006

O acordo acadado é o mellor dos últimos anos (suba do 3,05%), máis aínda así, seguimos a perder poder adquisitivo (en setembro o IPC xa ía no 3,7%).

O STEG chega a un acordo coa consellería de educación sobre os permisos de maternidade

4

Benvida á nova Consellería

Estrutura da nova Consellería

As nosas propostas para a mellora do ensino público galego



Os libros

O traballo

Profesorado interino

Negociación da estabilidade

Cada comezo de curso, viñamos denunciando as irregularidades nas listas e sobre todo, que decenas e a veces centos de compañeiras e compañeiros que integran o colectivo con moitos anos de antigüidade, se quedaban sen traballo. Sen traballo e sen a posibilidade de poder facer valer esa experiencia tan valorada, por non dicir imprescindible, na maioría dos diferentes campos laborais.

Este ano, aínda que seguimos denunciando esas irregularidades na xestión das listas como sempre fixo o STEG, a verdade é que a realidade pinta doutra cor, unha cor máis optimista. Temos diante de nós a posibilidade de negociar un Pacto de Estabilidade, pacto que, como sabedes, temos presentado coa Plataforma do Profesorado Interino dende febreiro de 2003.

Esta negociación foinos "roubada" nestes anos. E non o dicimos de balde, dicímolo con datos. Nunca se levou á Mesa Sectorial a nosa proposta, incumprindo os acordos da propia Mesa, na que todo o que chegara

presentado cunha porcentaxe de polo menos o 30% da representación sindical, tiña que ser negociado. Pois ben, os asinantes do acordo, entre os que figuramos a Asociación de PNNs e tres sindicatos con representación en Galicia: CIG, STEG e UXT, non só representamos ese 30%, senón que somos a maioría sindical na nosa comunidade. A pesar disto, nunca se negociou. O porque temos que preguntarllo á anterior Consellaría e aos outros tres sindicatos (CCOO, ANPE e CSI-CSIF) que nunca quixeron entrar no acordo, aínda ofrecéndolles todas as posibilidades para que o fixeran, entre elas a negociación dun novo acordo.

Este novo pacto podédelo consultar na web do STEG, así como as novidades que vaian xurdindo na negociación. Temos neste momento solicitada unha entrevista coa nova Consellaría de Educación para comezar cos trámites da negociación e ir sentando as bases dese futuro Pacto de Estabilidade que desta vez pode facerse realidade.

O acceso: a outra cara da moeda

Outra cousa ben diferente é falar de acceso. Como sabedes o STEG e a Confederación de STES-i da que formamos parte, temos solicitado do MEC (é neste organismo onde se regula o acceso) un Acceso Diferenciado.

Na actualidade o colectivo de Profesorado Interino no Estado supera as 80.000 persoas. Razón máis que suficiente para que todo o mundo se poña a traballar na solución deste grave problema. A ninguén se lle escapa o tempo que o STEG leva presentando propostas de solución.

Neste momento está a correr o rumor de que se pode levar a cabo unha transitoria ao estilo das da LOXSE coa que estarían de acordo varios dos sindicatos do sector. Queremos deixar ben claro que ao STEG e á Confederación de STES-i, tamén lle valería a transitoria, agora ben, sempre e cando vaia acompañada dunha posterior medida ordinaria en forma de acceso diferenciado que dea solución definitiva ao problema. Doutro xeito, isto sería pan para hoxe e fame para mañá.

Explicámonos: o problema do colectivo precisa dun cambio estrutural, polo tanto de medidas ordinarias. E o que se está a negociar é unha solución conxuntural, polo tanto extraordinaria, que soluciona o problema a unha parte das persoas que hoxe forman parte do colectivo, pero que dentro de 10 anos a

situación volverá a ser a mesma. Serva como exemplo o que está sucedendo despois de 10 anos das transitorias LOXSE.

Temos que ser conscientes de que, neste momento no que se vai a tramitar LOE no Parlamento do Estado, é a única posibilidade que queda para cambiar a Disposición Adicional Duodécima que regula o acceso. A situación non é fácil, o PSOE incluso está convencendo ao PP para que entre no pacto, o que quere dicir que a LOE pode ter moitos anos de vida e a posibilidade de modificar o acceso, se non se fai agora, quedaría pechada por moitos anos.

Polo tanto, insistimos: É MOITO O QUE SE ESTÁ A XOGAR. E precísase dunha resposta contundente do colectivo se ao final só se quere aprobar a transitoria. Hai que ter presente, que se isto se confirma, tan só unha saída á rúa combinada con xornadas de folga, salvarían a moita xente de rematar engordando as listas do paro.

O STEG e a Confederación de STES-i, témolo previsto e para elo temos convocadas as seguintes xornadas de folga se non se dá unha solución definitiva ao problema. As datas son as seguintes: 19 e 26 de outubro; 10, 16, 17, 23 e 30 de novembro onde se remataría cunha gran manifestación en Madrid.

**POR DURO QUE PAREZA,
MOBILIZACIÓN E FOLGA OU PARO.
TI DECIDES.**

FORO SOCIAL IBÉRICO POLA EDUCACIÓN

www.fsipe.org



¿que educación para que sociedade?

Cordoba, do 29 de outubro ao 1 de novembro

Formación Profesional para un novo goberno

Como todos os anos nos primeiros días de outubro comezan as aulas o estudantado e profesorado de Formación Profesional, algo máis de 2.000 profesoras e profesores e 26.000 estudantes.

Pero non é unicamente cuestión de cantidade, non unicamente se trata de que a Formación Profesional Inicial sexa escollida como proxecto de formación profesional e persoal por miles de mozas e mozos galegos, senón que **para o novo goberno que agora vimos de estreir a Formación Profesional debe ser entendida como un instrumento fundamental e vertebrador dun ambicioso plano de desenvolvemento industrial e de servizos para este país.**

Por iso, cando queda pendente do curso pasado, e dun goberno vello e agostado, re-ordenar as ensinanzas de F.P., **non deixa de preocuparnos escoitar como criterio preferente para decidir a implantación, peche ou reconversión de moitos ciclos formativos e familias profesionais o número de estudantado e o elevado custe económico que supón manter as ensinanzas de FP.**

Antes de falar de números e custes económicos, cumpría que coñeceramos en que e como se investiron nos últimos anos os centos de millóns de euros do Fondo Social Europeo (FSE) que se teñen adicado a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras galegas.

Sorprenderíamnos ao comprobar como unha importante cantidade destes fondos se adicou (e mesmo se pode seguir adicando) a concertar estas ensinanzas

post-obrigatorias e así manter e enriquece a moitos e variados centros de formación e cualificación profesional, mentres nos lamentamos do custoso que é manter a rede pública de ciclos formativos en pequenos concellos e vilas.

E por isto que, **no STEG esperamos que se faga unha análise máis fonda e clarificadora da situación actual e das necesidades reais e posibilidades futuras da FP**, e non unicamente se atenda a unha visión superficial da demanda do estudantado e intereses dos sectores empresariais e de quen se aproveita desta formación para facer negocio. **Trátase de pensar a Formación Profesional ordenada e controlada socialmente dende a rede pública**, como un elemento integrado nun plano global de desenvolvemento e innovación dos sectores produtivos e de servizos do noso país e en consecuencia servir para a formación de profesionais altamente cualificados/as para enfrontarse a un futuro socio laboral de calidade e estabilidade

Só deste xeito, ordenando a rede pública ao servizo do desenvolvemento e innovación, e controlando social e publicamente os fondos e recursos invertidos en formación, **se poderá para o camiño de privatización e desregularización que emprenderon as ensinanzas de FP nos últimos anos**, e que a foron convertendo nunha fonte de recursos para entidades privadas e lucrativas, máis que para formar profesionais, cualificada e preparada para enfrontar o reto de construír un país moderno, vertebrado e dono de seu

O STEG chega a un acordo coa consellaría de educación sobre os permisos de maternidade

No pasado curso, o STEG estivo a desenvolver a campaña "Así se concilia. Permisos de maternidade" dando a coñecer a precaria situación na que se atopan os permisos por maternidade e lactancia en Galicia en comparación co resto dos territorios do estado e dos países europeos.

Ademais facíamos unha proposta de ampliación dos permisos de maternidade, lactancia e para a parella, tendo en conta as recomendacións da OMS.

Para o seu desenvolvemento levouse esta información aos centros docentes e presentáronse as nosas propostas aos distintos grupos parlamentares en diferentes entrevistas coas responsables das áreas de igualdade, exceptuando á do PP da que ata o momento non se obtivo resposta.

Xa no mes de xuño, entrevistámonos coa anterior Dirección Xeral de Persoal

da Consellaría de Educación, que se comprometeu a recoñecer o mes de vacacións ás mulleres que pairan en xullo ou agosto, meses nos que non hai docencia directa. Con este acordo, **calquera nai que dé a luz tanto en xullo coma en agosto terá dereito ás 16 semanas de permiso de maternidade máis as vacacións correspondentes.**

Este tipo de medidas evitan que a maternidade e a lactancia teñan como consecuencia a penalización sociolaboral das mulleres, favorecendo a conciliación da vida laboral e persoal e contribuíndo decisivamente a deter a caída demográfica que padece Galicia.

Para o STEG esta seguirá a ser unha liña de acción sindical prioritaria, polo que neste novo curso continuaremos levando a devanita campaña a diferentes ámbitos sociais e institucionais.

organizacións sindicais, movementos de renovación pedagóxica..., do estado Español e de Portugal, forma parte do comité organizador, e como tal, estamos o organizar a viaxe a Córdoba. **Se tes interese en asistir, ponte en contacto con nós en calquera das nosas sedes.**

Máis información sobre o FSIFE en : www.fsipe.org

O obxectivo do Foro é facer posible un amplo debate, no que participen todos os sectores sociais, co fin de incluír todas as perspectivas e situar a educación como prioridade e responsabilidade de toda a sociedade. Queremos que este Foro sexa o espazo para formular propostas e sumar forzas para continuar loitando por unha educación pública, laica, e de calidade para todos e todas. O STEG, xunto con outras moitas

Concertos educativos

Os defensas están comprados.

Ou están comprados, ou non teñen cintura, ou son do outro equipo. A defensa do ensino público que prometeu o PSOE parece que non vai pasar por unha revisión sería dos concertos, polo menos ninguén está a falar de derrogar a resolución do 16 de Maio de 2005 (DOG do 19 de Maio), na que se acordan os concertos de Educación Infantil para os próximos 3 anos. Antes de garantir a oferta pública, queren delegar na concertación. Esa é a pelota, e non van por ela. Se cadra é unha secreta táctica, un xogar ao fóra de xogo, ou unha argucia psicolóxica, pero deberían dicírnolo ao público (que non nos deixan ser outra cousa), para que non o pasemos tan mal. Se é que non pensan xogar, que tiren o uniforme, que busquemos outros.

Empurrándonos contra a mesma pedra.

Outra vez non. Outra vez non aos concertos, polas razóns de sempre, pero outra vez non aos concertos porque nos están a levar contra a mesma pedra, a pedra que levamos ás costas, e que aínda por riba protesta. Fagamos memoria...

E lembremos que os concertos naceron como algo conxuntural, para garantir o acceso á educación cando non existía suficiente oferta pública, e desde o 1989 multiplicáronse por 4 as subvencións que recibe, e na maioría das cidades de Galiza, o número de alumnos e alumnas matriculados/as na concertada supera ao da pública. No rural non, a xente prefire escoller a pública, se cadra porque é a única que se instala en lugares pouco rendíbeis en termos económicos. Para ser algo coxuntural (igual que agora a infantil), a escola privada pagada con fondos públicos parece gozar dunha excelente saúde.

E ademais, a escola privada pagada con fondos públicos pode estar tranquila. A nosa conselleira de educación galega castelán-parlante, xa tranquilizou ás patronais de ensino privado, ninguén vai contra eles, ninguén vai revisar os concertos, ninguén lles vai quitar o pan. Pero non hai pan para todos. Os colexios concertados seguen a existir tendo en fronte centros públicos con cadeiras baleiras, e as prazas vanse suprimindo.

O Prezo é unha Trampa.

E é que a escola concertada sae moito máis barata. E se cadra poderíamos facer que o ensino público fose máis barato tamén. Se cadra poderíamos empezar por non manter escolas no rural, que aos nenos e nenas das aldeas hai que transportalos moito e están poucos por aula. Se cadra poderíamos seguir por non ofrecer alternativa á relixión, que os non católicos poden ser inmigrantes e xitanos e necesitan apoios moi caros, ou recomendarlle ás familias con pequenos/as discapacitados/as que busquen outro centro, que no noso, o profesorado non está preparado para atendelos correctamente. Poderíamos facer todo iso si. Entón seríamos tan baratos como a concertada, e teríamos desartellado o sistema de ensino público e vendida a ferramenta de cohesión social que é a nosa escola. Lembremos (aínda que iso non se publicitou) que o informe PISA, que tanto suspendía ao ensino no Estado Español, recoñecía o bo nivel de comprensividade deste).

Dereitos contraditorios.

E é que a escola concertada garante o dereito constitucional das familias a escoller centro para a súa prole, mentres se está a nutrir dos fondos e do prestixio da escola pública, que garante dereitos



Viñeta publicada no "STEG Informa" de Xaneiro do 2004.
Moi ao noso pesar, segue a estar vivente.

como a igualdade de oportunidades e a educación universal, pero segundo eles, é pouco importante: o importante é poder escoller centro, sempre que che deixen...

O Ensino Pequeno.

Non mareemos máis a perdiz, o ensino público de calidade é incompatible co sistema de concertos, e o camiño que estamos a seguir vai derivando pouco a pouco no empequeñecemento do ensino público, a favor do crecemento do sector privado sostido con impostos da cidadanía. A resolución que ninguén fala de derrogar (16 de Maio de 2005, DOG do 19 de Maio) da cota de mercado aos centros privados, ábreles un novo nicho de consumidores, e ademais a oportunidade de fidelizalos,

colléndoos nos primeiros anos do seu us do servizo que se lles ofrece.

O ensino público vai camiño de se subsidiario do sector privado, de facers pequeno.

Despois de todo, RECLAMAMOS:

Que o novo Goberno se compromet co ensino público, que derroge resolución que ninguén nomea, que revis os concertos actuais, e que abandon claramente o camiño da concertación P.D. - Por se alguén non o sabe, STEG só ten sector de pública, no poderíamos dicir unha cousa aquí e outro noutro lado, porque no outro lado non estamos. Outros si que poder

Adianto retribucións 2006 Acordo Administración estatal-Sindicatos para o ano 2006

A Administración Xeral do Estado, representada por Jordi Sevilla (Ministro de Administracións Públicas) e as organizacións sindicais **CCOO, UXT, CSIF e SAP** asinaron, a finais de xullo, un novo acordo, que fixará o marco retributivo para o persoal ao servizo de todas as Administracións Públicas do Estado.

Se comparamos este Acordo cos de anos anteriores, evidentemente teremos que recoñecer que hai diferenzas.

- Fronte ao 2'7% de anos anteriores asinouse un 3'05% (entre suba xeral e pagas extras), o que fai que a perda salarial sexa menor.
- Este ano a parte que se aporta ao Plan de Pensións do Persoal da Administración Xeral do Estado, non se considera (ao menos de momento) como aumento salarial.
- Non se soben as cantidades destinadas a produtividades. Cantidades repartidas discrecionalmente e que polo tanto non chegan a todo o persoal.
- No 2006 Paga extra de Xuño: soldo+trienios+80% do complemento de destino. Paga extra de Decembro: soldo+trienios+100% do complemento de destino. O acordo inclúe tamén un compromiso para chegar, a finais do ano 2008, ao 100% do complemento específico nas pagas extraordinarias.
- O Acordo inclúe un compromiso para a mellora da temporalidade.

Ademais, o Acordo fai referencia a outros asuntos: redución da taxa de temporalidade

de, Estatuto Básico dos Empregados Públicos e programa de racionalización e rexuvenecemento na Administración Xeral do Estado.

Aínda que nos digan que esta é a maior suba salarial dos últimos anos (o que é certo) non podemos aceptar de bo grao as **consecuencias** que se derivan do acordo, así como a forma no que se fixo:

- **Seguimos a perder poder adquisitivo** No mellor dos casos e se non hai un reponte do IPC, a diferenza entre a subida asinada(3,05%) e o incremento do IPC (3,7% de momento) será dun 0'65%.
- **Non se inclúe unha cláusula de revisión salarial que nos asegure o mantemento do soldo real.** De novo esquécese, nun acordo salarial, a recuperación do poder adquisitivo perdido nos últimos anos (nada máis e nada menos que un 17% desde 1990).
- A pesar de que o acordo afecta aos empregados e empregadas da Xunta de Galiza, a administración galega non participa nas negociacións.
- **Tampouco participaron nas negociacións os sindicatos de carácter nacional ou territorial nin os sectoriais** (representan máis do 50% da afiliación).
- **Fálase, no acordo, de diminuír a temporalidade e rexuvenecer os postos de traballo, mais especificase pouco do método para conseguilo.** Tanto o proceso de xubilacións anticipadas coma o proceso de

diminución da temporalidade poden servir, se non se controlan, para abrir a porta á externalización e privatización de servizos.

Por iso, **o STEG considera este acordo insuficiente** desde o punto de vista salarial xa que seguimos a perder soldo real e **antidemocrático** ao non participar nas negociacións o goberno da Xunta de Galiza e as representacións sindicais do noso país.

En Galiza, grazas ao mísero acordo retributivo asinado en 2003 (que supón que en xaneiro de 2006 nos suban 30,05 €) **seguiremos a ser o persoal docente peor pagado do Estado.** Claro que, cun novo goberno na Xunta de Galiza, parece o momento máis propicio para que se abran negociacións serias para recuperar o poder adquisitivo perdido e poñer ao profesorado galego no nivel retributivo que lle corresponde, polo importante valor social que ten o seu labor educativo, e, que, tanto gustan de utilizar os políticos nas súas campañas electorais e que tan pronto esquecen cando se trata de negociar salarios e condicións laborais.

Así é todo, non deixamos de ser optimistas e vemos na mellora do Acordo Estatal e na posibilidade de abrir negociacións en Galiza, unha conquista froito das continuas denuncias e mobilizacións destes anos. Isto débemos levar a continuar neste camiño como a única posibilidade para conseguir que as demandas das traballadoras e traballadores do

Luces

Suba dun 3,05% (2% xeral + 1,05% nas pagas extras)

Incremento nas pagas extras
Xuño – 80% do complemento de destino
Decembro- 100% do complemento de destino

Acordo para chegar, a finais do ano 2008, ao 100% do complemento específico nas pagas extraordinarias

Sombras

Seguimos a perder poder adquisitivo (o IPC xa vai nun 3,7%)

Non se inclúe unha cláusula de revisión salarial que nos asegure o mantemento do soldo real.

Seguimos sen poder participar nas negociacións os sindicatos de carácter territorial ou os sectoriais (representamos a máis do 50%)

Benvinda á nova Consellaría

Desde estas páxinas, dámoslle a benvida á nova Conselleira e á súa equipa. Esperamos que esta saiba (e poida) estar á altura das expectativas de todas e todos os que traballamos activamente para que un "novo aire" entrase na Consellaría e se "ventilase" o agotamento de tantos anos e inercias.

Non ten tarefa doada esta Consellaría, ten o mandato de prestar un servizo público, universal e obrigatorio decisivo

para a formación e cualificación da sociedade galega do futuro. Para iso conta con máis de 30.000 docentes e unha rede de máis de 1.500 centros educativos espallados por todo o país.

É por iso que nos sorprendeu que do novo organigrama desaparecese a Dirección Xeral de Persoal, que non tiña pequena responsabilidade: organizar e xestionar diariamente o basto número de traballadoras e traballadores do ensino


galego. Pero a sorpresa é maior, e moi ingrata, de confirmarse que a Subdirección Xeral de Persoal estará ocupada pola persoa que durante demasiados anos fixo traballo administrativo, pero sempre excesivamente político, coa anterior Consellaría.

Támén nos sorprenden, máis gratamente claro, as novas formas de funcionamento que se van abrindo camiño nas Xuntas de Persoal das Delegacións Provinciais,

con máis axilidade e transparencia na información e por tanto, posibilidade de diálogo e negociación.

Así e todo, neste momento, desde o STEG, só podemos desexarlle a Conselleira e á súa equipa moitos ánimos e sorte, que non escatimen vontade política e recursos para cumprir co compromiso de pór o ensino público no lugar que merece e precisa a sociedade galega.

Estrutura da nova Consellaría



As nosas propostas para a mellora do ensino público galego

No STEG temos solicitada unha entrevista coa nova conselleira, na que lle expoñeremos os puntos nos que é prioritario avanzar nesta lexislatura.

- Estender o **servizo de transporte e comedor escolar** en todos os centros públicos. Asegurar a presenza de acompañante en todas as rutas de transporte para o curso 06/07.
- Garantir a oferta de **actividades extraescolares** en todos os centros públicos, independentemente do tipo de xornada escolar, con un mínimo de dúas actividades gratuítas para todo o alumnado.
- Modificación da lexislación para que sexa a comunidade educativa quen decida de xeito democrático o **modelo de xornada** do seu centro e sen esixencias especiais para a xornada continuada.
- Negociación dunha nova **rede de Centros** así como dos **cadros de persoal**, que contemple:
 - Profesorado de PT e AL en todos os centros.
 - Profesorado de reforzo para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.
 - Profesorado de apoio para os centros que escolaricen alumnado procedente do estranxeiro ou alumnado de etnia xitana.
- Dotar a todos os centros de **persoal de Administración e servizos**.
- Dotar aos centros do **persoal non docente** necesario (coiadores/as, traballadores sociais...)
- Diminución das ratios** en todos os tramos.
 - Derrogación inmediata do Punto 4 da Orde de 17 de agosto de 1992, pola cal, o alumnado repetidor non contabiliza para a ratio máxima.
 - Para o curso 06/07 propomos:
 - 15 alumnos/as para infantil.
 - 20 alumnos/as para as aulas de primaria e ESO.
 - 16 alumnos/as para as aulas de primaria e ESO que escolaricen alumnado con NEE ou acollan alumnado de distintos niveis.
- Revisión do modelo de Orientación** establecido polo Decreto 120/98 e a Orde d 24 de xullo de 1998. Reestruturación da actual rede de orientación dotando de persoal suficiente e cualificado aos centros de Ed. infantil e Primaria, e ampliación das prazas nos centros de Ed. Secundaria con moito alumnado.
- Elaboración dun plan específico para o **ensino no medio rural**.
- Negociación dunha nova **catalogación de centros de difícil desempeño**.
- Elaboración de plans específicos e actividades de formación para mellorar a **convivencia nos centros**.
- Cumprimento da lei de prevención de riscos laborais.
- Centros concertados**
 - Supresión inmediata de concertos nos tramos non obrigatorios. Derrogación da orde pola que se concerta a etapa de Educación Infantil.
 - Supresión daqueles concertos que non cumpran principios elementais de igualdade nas condicións de admisión, lexislación de escolarización, etc.
 - Non concertar máis unidades para aquelas zonas con prazas públicas suficientes.
 - Supresión de unidades concertadas onde haxa unha oferta pública suficiente.
- Creación inmediata de prazas públicas** nas zonas con oferta insuficiente.
- Negociación dun **novo acordo retributivo** que contemple a recuperación do poder adquisitivo perdido nos últimos anos e inclúa unha cláusula de revisión salarial.
- Modificación inmediata dos regulamentos orgánicos** co fin de homologar as condicións de traballo en primaria e secundaria. Medidas para camiñar cara o corpo único de ensinantes.
- Redución de horas lectivas para o **profesorado maior de 55 anos** sen merma das súas retribucións.
- Negociación das condicións de traballo do **profesorado itinerante**.
- Profesorado interino**
 - Acordo de estabilidade para o profesorado interino.
 - Mudar as condicións de traballo do profesorado interino para que gocen dos mesmos dereitos laborais, administrativos, sociais e económicos que os funcionarios/as de carreira.
 - Solicitud ao Parlamento do Estado para a Modificación da Disposición Adicional Duodécima da LOE. Dar cabida ao Acceso Diferenciado para o profesorado interino.
- Atención as demandas expostas na nosa campaña de **maternidade**.
- Cumprimento do plano de **normalización lingüística**.
- Ordenación da F.P.** de acordo a criterios de desenvolvemento e innovación, implicando directamente aos sectores produtivos e de servizos.
- Control social e público do Fondo Social Europeo adicado á Formación Profesional.

Delegacións provinciais

A Coruña
Pedro Armas Diéguez.

Lugo
José Rábade Arias

Ourense
Gonzalo Iglesias Sueiro

Pontevedra
José A. Fernández Vázquez

STEG

web: www.stegsindicato.org

E-mail: steg@stegsindicato.org

Sedes:

A Coruña-Santiago
Avda. Rosalía de Castro, 29
Gal. Belén, local 209
15706 Santiago
Tfno. 981591939
corunha@stegsindicato.org

Lugo
r/Bolaño Rivadeneira, 20 2º B
27001 Lugo
Tfno. 982240066
lugo@stegsindicato.org

Ourense
r/Sto Domingo, 60.
Galerías Xesta, entrechán, local 1
3005-Ourense
Tfno.988252323
ourense@stegsindicato.org

Pontevedra
r/ Gutiérrez Mellado, 3
Galerías Oliva, 1-3º
36001 Pontevedra
Tfno. 986857545
pontevedra@stegsindicato.org

Confederación STEs-i

web: www.stes.es

E-mail: stes@stes.es